

CIRCULAR 69-2024

CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE PROBAS COMBINADAS MASTER

- A todas as delegacións da FGA.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza o Campionato Xunta de Galicia de Probas Combinadas Máster, o 4 e 5 de maio, a celebrar nas pistas da Universidade de Santiago de Compostela.

Art.2).- Poderán participar atletas da categoría Máster con licenza na presente tempada pola FGA.

*Segundo acordo da Asemblea, só poden participar atletas que acrediten, dende o 1 de xaneiro de 2023, rexistros no 40% das probas que compoñan a combinada na que participen e que, dentro de eses rexistros, se acredite marca nun mínimo dunha carreira, un salto e un lanzamento.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://sdp.rfea.es/> ata as 20:00 horas do xoves 25 de abril.

A maiores, no caso de atletas sen marca nas combinadas, deberá remitirse a competicion@atletismo.gal e dentro do prazo de inscrición, a relación de marcas realizadas de xeito individual nas probas que o compoñen, indicando data e lugar da súa consecución.

Art.4).- Prazo de comunicación de baixas.

- Rematará ás 14:00 horas do luns 29 de abril e serán remitidas a competicion@atletismo.gal

Art.5).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.6).- Os/as atletas deberán pasar por cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto, e deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.

Art.7).- Horario:

SÁBADO 4 – Xornada de Tarde		
HORA	HOMES	MULLERES
16:30	100	
16:50		Valos altos
17:05	Lonxitude	
17:30		Altura
18:05	Peso	
19:00	Altura	Peso
20:10		200
20:20	400	

DOMINGO 5 – Xornada de Mañá		
HORA	HOMES	MULLERES
10:00	Valos altos	
10:35	Disco	Lonxitude
11:35	Pértega	
11:50		Xavelina
13:00	Xavelina	
13:30		800
13:50	1500	

Art.8).- Os/As tres primeiros/as atletas clasificados/as de cada categoría recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao podio. No caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Art.9).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a direcciontecnica@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada unha sanción de 5€ por atleta, salvo causa xustificada e comunicada por escrito antes do inicio da competición á FGA a través do correo direcciontecnica@atletismo.gal
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.10).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 1 de abril de 2024

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo